

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CARBALLO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE CARBALLO PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN EN CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE (CIS) DA COMARCA DE BERGANTIÑOS.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 18/11/2025 co Concello de Carballo o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia de 4 anos a contar dende o día da súa sinatura.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello de Carballo para a reforma e ampliación do centro de saúde para a súa transformación en Centro Integral de Saúde (CIS) da comarca de Bergantiños"*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

*"A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Carballo, faise necesario reformar e ampliar o centro de saúde de Carballo, para convertelo no Centro Integral de Saúde (CIS) da Comarca de Bergantiños.*

*Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma e ampliación no concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración."*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.